



Santiago Real Martínez
Ramón Arce Fernández

Universidade de Santiago de Compostela


Formato de presentación, estereotipos e comportamento non verbal nas roldas de identificación:

ANÁLISE DUNHA SITUACIÓN REAL



1. Introducción

Cando unha testemuña presencial dun delito realiza unha identificación positiva, asúmese que esta reconeceu o sospeitoso como a persoa que cometeu o delito, diferenciándoa de entre outras características físicas semellantes. O sentido común dinos que este pequeno esforzo para reconecer a alguén non debe supoñer ningún problema para unha persoa de capacidades intelectuais medias; ás veces non embar-gante, aínda querendo a teste-muña ser honeta, a información que transmite é errónea (Alonso-Quecuty, 1991).



De feito, son numerosas as formas nas que se distorsiona a información que codifica unha testemuña (p.e. a faciana do agresor) dando lugar a diferentes erros na identificación: trans-ferencia incons-ciente (Buckhout, 1974; Loftus, 1976), efecto de compromiso (Gorenstein e Ellsworth, 1980), información postsuceso (Loftus, Mi-ller e Burns 1978), efec-tos do paso do tempo (Sanders e Warnick, 1979; Cutler, Penrod e Martens, 1987), e un longo etc. Vé-xase a revisión de Real, Fariña e Arce, 1997).

Este artigo é un resumo do traballo que obtivo o 1º Premio da Beca Siota.

A testemuña que ten que realizar unha identificación mediante unha rolda, efróntase a unha elección difícil, que non se basea exclusivamente nunha impresión mnémica, senón que tamén é susceptible de ser influída polos valores e crenzas da testemuña (Clifford e Bull, 1978). Estas predisposicións da testemuña relaciónanse co feito de que as situacións sociais son, á vez, informativas. Así, a testemuña pode deducir que a policía ten preparada a rolda porque dispón dun sospeitoso que é o autor do delito en cuestión. Wells (1984, 1993) denomina a este proceso "xuízo relativo", e considérase especialmente perigoso cando na rolda non está presente o verdadeiro culpable. Os indicios non verbais tamén se atopou que poden ser un indicador no que se basean as testemuñas para discernir entre un sospeitoso e un distractor¹ (Fabian, Stadler e Wetzels, 1992).

Actualmente, a conducta das testemuñas conceptualízase como un proceso de decisión resultante entre a interacción de: información na memoria, información dispoñible da situación, as crenzas e valores da testemuña respecto ós resultados de posibles conductas, e as posibilidades e consecuencias destes resultados (Clifford e Davis, 1994). De entre as consecuencias da decisión da testemuña podemos resalta-lo medo a represalias (Ainsworth e King, 1988). A ninguén se lle escapa que o contacto cara a cara cun sospeitoso pode influír na decisión final da testemuña. Deste modo, sería desexable, que o sistema penal modificase os seus procedementos de identificación² poñendo os medios necesarios para que o acusado non identifique a testemuña. Nesta liña, a investigación psicolóxica manipulou o papel do formato de presentación das roldas mediante fotografías, filmacións en vídeo ou presentacións en vivo para

(...) o noso interese vaise centrar nalgúnhas variables psicosociais e situacionais que tamén configuran o dominio da decisión das testemuñas.

comprobar se producen taxas significativamente diferentes de elección e precisión. Así, por exemplo Wall (1965) sinalaba que unha identificación corporal era máis fiable ca unha fotográfica. Neste sentido, Egan, Pittner e Goldstein (1977), e Turnbull e Thompson (1984) atoparon que o modo de presentación da rolda non implicaba diferencias na precisión da identificación. De feito, concluíron que as roldas gravadas en vídeo prometían ser un medio eficaz de identificación para a policía. Por outra parte, Dent e Gray (1975) atoparon algunha evidencia dunha taxa máis alta de precisión na identificación con fotografías que con roldas en vivo. Shepherd, Ellis e Davis (1982) e Wells (1984) conclúen que a diferenza na precisión da identificación entre roldas reais e series fotográficas é trivial.

Tendo en conta a inconsistencia da literatura revisada ó noso propósito, a analizar outros factores, excluída a impresión de memoria, que probablemente median a decisión do suxeito testemuña. Por iso o noso interese vaise centrar non tanto na recuperación dunha información da memoria (tarefa de recoñecemento), senón nalgúnhas variables psicosociais e situacionais que tamén configuran o dominio da decisión das testemuñas. Do anterior formulánsenos tres cuestións relevantes en relación á identificación de

¹ Denominanse distractores aqueles suxeitos con aspecto físico semellante ó sospeitoso dun delito, e cuxa inocencia é coñecida, que se presentan xunto co sospeitoso nunha rolda de identificación, a fin de que a testemuña discrimine si entre eles esta o autor do crime.

² A lei de enxuzamento criminal, non especifica a forma na que á testemuña lle ha de ser presentada a rolda de presos, senón que esta será segundo ó xuíz lle parecer máis convinte. (Lecrin, artigo 369).

persoas mediante roldas. En primeiro lugar, a influencia que exercen as expectativas, crenzas e valores da testemuña na elección do sospeitoso na rolda. En segundo lugar, a información situacional que se lle proporciona a testemuña, de maneira directa ou indirecta. E por último, o efecto que produce a modalidade de presentación estimular. Son pois, os estereotipos da testemuña, o comportamento non verbal do sospeitoso e os distractores, e a modalidade da rolda (fotográfica ou en vídeo) os aspectos que guiarán o noso exame da identificación de persoas mediante roldas.

2. Método

2.1. Hipóteses

Dos obxectivos anteriormente citados despréndense as seguintes hipóteses experimentais:

1. As testemuñas simuladas ás que se lles presenta unha rolda real filmada en vídeo, elixirán ó sospeitoso máis veces do esperado polo azar, debido a que o seu estado psicolóxico se percibe diferente ós demais membros da rolda, e a que a súa conducta se recolle como máis auténtica cá dos distractores.

2. As testemuñas simuladas as que se lles expón a unha rolda composta por fotografías, extraídas dunha filmación en vídeo dunha rolda real, elixirán menos veces ó sospeitoso que si a rolda fose presentada en vídeo.

3. As testemuñas simuladas ás que se lles amosa unha rolda fotográfica composta por unha fotografía do sospeitoso, extraída dunha filmación en vídeo dunha rolda real, e outras fotografías de persoas que non aparecen na rolda real, pero con aspecto delictuoso (isto é, tomadas dos arquivos policiais), non presentarán sesgo na elección do sospeitoso.

4. A elección que as testemuñas simuladas fagan nunha rolda real filmada en vídeo ou na mesma rolda pero en formato fotográfico, estará mediada polo estereotipo que estes teñan do aspecto delictuoso. De tal maneira que elixirán o individuo máis acorde co devandito estereotipo.

2.2. Suxeitos

A mostra estivo constituída por 120 suxeitos. Todos alumnos de diferentes cursos de psicoloxía que foron distribuídos a cada unha das condicións experimentais de forma aleatoria, resultando un total de 40 suxeitos por condición.

2.3. Materiais

Para o desenvolvemento e a obtención do material estimular contamos co permiso e coa colaboración dun dos xulgados da nosa Comunidade Autónoma, onde se gravou a rolda de identificación.

A rolda filmada estaba formada por 5 suxeitos: un sospeitoso, e catro distractores (funcionarios do xulgado). O delito do que se trataba era un roubo no interior dun automóbil.

A partir desta rolda construíuse outra en formato fotográfico, respectando a súa composición, e a orde na que situaron os suxeitos na rolda orixinal.

Pola súa vez coas fotografías do sospeitoso, elaborouse outra rolda, respectando o número de suxeitos que compoñían a rolda primitiva, pero substituíndo os distractores orixinais por fotografías de delincuentes provenientes dos ficheiros policiais. As devanditas fotografías foron seleccionadas por un grupo de xuíces que seguindo o procedemento tipo Thurstone, seleccionaban as fotografías polo seu parecido co sospeitoso. De tal maneira, que ningunha fose demasiado sainte respecto ás demais.

A mostra estivo constituída por 120 suxeitos. Todos alumnos de diferentes cursos de psicoloxía (...)

Así pois, contamos con 3 roldas de identificación, unha en formato de vídeo, e dúas en formato fotográfico. O sospeitoso era o mesmo nas tres roldas, e permanecía na mesma posición, con respecto ós distractores.

2.4. Instrumentos de medida

2.4.1. Estereotipo delictuoso.

A primeira variable que medimos foi o estereotipo que cada suxeito mantiña acerca do aspecto externo que teñen os delinquentes. Para iso construimos un perfil con aquelas características que mellor definían o aspecto físico dos delinquentes. Estas características obtivéronse a través de entrevistas mantidas con 40 suxeitos, alleos ó experimento, ós que se lles pediu que describisen o aspecto físico prototípico dos delinquentes. Das diferentes respostas dadas polos suxeitos, seleccionáronse aquelas características que se repetían máis dunha vez ou só unha vez se as citaban en primeiro lugar, asumindo desta maneira que eran máis centrais para os suxeitos. O perfil resultante consta dunha escala con 11 características.

2.4.2. Cuestionario de Autenticidade (Fabian e cols., 1992)

Este cuestionario foi utilizado por Fabian e cols (1992) para avalia-la percepción que as testemuñas simuladas teñen dos estados psicolóxicos e a autenticidade da conducta exhibida polos membros dunha rolda. O cuestionario consiste nunha lista de 15 adxectivos cunha escala bipolar de 7 puntos. Sete dos adxectivos están relacionados coa perda de control, tomándoo como sentimento de desamparo. Inclúese outro adxectivo relativo á autenticidade da conducta.

2.5. Procedemento

A administración das probas tivo lugar nos seminarios da Facultade de Psicoloxía. Cada se-

sión se realizaba con grupos de non máis de 15 suxeitos e a súa duración aproximada era de 1 hora, xa que os suxeitos debían visualiza-la rolda de identificación a través dun monitor de televisión, polo que era desexable a maior visibilidade posible. Como paso previo os suxeitos cumprían o estereotipo delictuoso. Posteriormente explicábaselles que a continuación verían unha filmación en vídeo dunha rolda de identificación real, dicíáselles o tipo de delicto dese caso e pedíáselles que fosen avaliando a cada membro da rolda no cuestionario de autenticidade. De tal maneira que se pasaba o vídeo tantas veces como membros tiña a rolda co fin de que avaliasen a cada suxeito sen que interferise o recordo dos outros. Neste punto pedíáselles tamén que elixisen a un dos membros da rolda como autor do delicto. Á metade dos suxeitos solicitábaselles esto antes de comezar a avalia-los membros da rolda. Á outra metade, despois de avalialos. O obxectivo era contrabalancea-los posibles efectos que os peses sucesivos do vídeo podían ter na elección final dos suxeitos. O cuestionario completábase con algunhas preguntas de tipo sociodemográfico como, idade, sexo e poboación.

Realizouse un recuento do número de veces que cada característica era avaliada como presente ou non presente en cada suxeito,

cesivos do vídeo podían ter na elección final dos suxeitos. O cuestionario completábase con algunhas preguntas de tipo sociodemográfico como, idade, sexo e poboación.

2.6. Análise dos datos

Para estudia-la composición de cada rolda atopáronse, a partir das eleccións dos suxeitos experimentais, dous índices de imparcialidade: tamaño funcional (Wells, Leippe e Ostrom, 1979), e sesgo do acusado (Doob e Kirshenbaum, 1973).

Para codifica-los datos provenientes do estereotipo delictuoso que cubriron os suxeitos experimentais, procedeu-se previamente á elaboración duns perfís obxectivos de cada un dos membros das roldas nas características que formaban o estereotipo delictuoso. Para iso contamos coa colaboración de 60 xuíces tipo Thurs-

tone que avaliaron as fotografías dos membros das roldas nas 11 características do estereotipo, dicindo se o suxeito fotografiado posuía ou non cada unha das ditas características. Realizouse un recuento do número de veces que cada característica era avaliada como presente ou non presente en cada suxeito, desta forma o maior número de presencias ou ausencias determinaban o que unha característica estereotipada formase parte do perfil obxectivo de cada fotografía. Unha vez obtidos tódolos perfís obxectivos da totalidade dos membros das roldas, procedeu-se a comparalos cos estereotipos delictuosos que cubriron os suxeitos experimentais. Obviamente, os perfís obxectivos dos membros de cada rolda comparáronse cos estereotipos subministrados polos suxeitos experimentais asignados a esa rolda. Como resultado obtivémo-lo número de características que se solapan entre o perfil obxectivo de cada membro da rolda e o estereotipo delictuoso de cada suxeito experimental.

3. Resultados e discusión

Polo que respecta ás eleccións dos suxeitos sobre quen é o sospeitoso en cada rolda, os resultados están resumidos nas seguintes táboas:

Rolda nº 1

Número de suxeito	1	2	3	4	5
Eleccións	4	3	13	13	6
Prob. do azar	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Frecuencia empírica	0,1	0,075	0,32	0,32	0,15
Tamaño funcional	3,07				
Sesgo do acusado	0,12				
	z(N=40)=1,89;NS				

Como pode observarse, na rolda orixinal (1), o tamaño funcional é menor có tamaño nominal: 3,07 fronte a 5. Pola súa parte, o sesgo en contra do acusado, aínda existindo, non resulta significativo.

Rolda nº 2

Número de suxeito	1	2	3	4	5
Eleccións	7	11	2	2	18
Prob. do azar	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Frecuencia empírica	0,175	0,275	0,05	0,05	0,45
Tamaño funcional	20				
Sesgo do acusado	0,15				
	z(N=40)=2,37;p<.05				

Con relación á rolda fotográfica (2) apréciase claramente, en comparación coa rolda orixinal, un descenso das eleccións dos suxeitos experimentais sobre o sospeitoso. Obsérvase así un incremento no tamaño funcional, 20; e unha dramática diminución do sesgo do acusado que incluso é a favor e non en contra e é estatisticamente significativo [z(N=40)=2,37;p<.05].

Rolda nº 3

Número de suxeito	1	2	3	4	5
Eleccións	5	6	5	5	19
Prob. do azar	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
Frecuencia empírica	0,125	0,15	0,125	0,125	0,475
Tamaño funcional	8				
Sesgo do acusado	0,075				
	z(N=40)=1,18;NS				

O sospeitoso nas tres roldas é o número 3

Tal e como cabería esperar, na rolda con fotografías doutros delinquentes (3) dáse un aumento do tamaño funcional e, como consecuencia, unha diminución do sesgo do acusado (tamén a favor do acusado), aínda que non resulta estatisticamente significativo. En suma, unha rolda con suxeitos delinquentes reais e en fotografías, ofrece máis garantías que os sistemas vixentes actualmente. Posiblemente débese a que as roldas in vivo se adoitan realizar con suxeitos de "recheo" libres de toda sospeita (no caso da nosa rolda utilizáronse funcionarios do xulgado).

Os diferentes formatos de presentación da rolda (vídeo e fotografías) ofrecen resultados diferentes con respecto ás eleccións dos suxeitos experimentais. Tal e como se espuxo nos obxectivos deste estudio, as respostas a estas diferencias poderían descansar en dous tipos de información diferentes: o comportamento non verbal exhibido polos membros da rolda (erro de autenticidade); e os estereotipos delictivos que manexan os suxeitos experimentais. Polo que respecta ó comportamento non verbal na rolda 1, atopamos un efecto multivariado significativo [F aprox. (60,708)=6.77; $p < .001$ TE=,36]. De feito o erro de autenticidade explica o 36% da varianza nas eleccións dos suxeitos experimentais. Nos efectos univariados tódalas variables resultaron estatisticamente significativas para a rolda nº 1 (ver anexo de táboas). Do mesmo modo, os contrastes simples co grupo de referencia "sospeitoso" (suxeito 3 na rolda 1), informan dun erro de autenticidade maior que os demais membros da rolda. Noutras palabras, as testemuñas simuladas percibían o sospeitoso como máis susceptible de se-lo verdadeiro delincuente (véxanse os contrastes da rolda 1 no anexo de táboas).

Estes resultados confirman a nosa hipótese nº 1, no sentido de que os suxeitos experimentais parecen utilizar os indicios non verbais para realiza-las súas eleccións. Non obstante, ó fio desta hipótese, esperábase que nas roldas que tiñan formato estático (fotografías) non se dese o erro de autenticidade. As análises realizadas ó respecto detectan a utilización deses indicios non verbais, aínda que en menor medida, nas roldas fotográficas (2 e 3). Así, na rolda nº 2 [F aprox. (60, 666) =2,84; $p < .001$. TE=, 20]; e na rolda nº 3 [F aprox. (60, 690) =2,65; $p < .001$. TE=,16]. Como

se pode ver, o tamaño dos efectos é menor para as roldas fotográficas que para a rolda en vídeo. Parece clara, pois, a existencia do erro de autenticidade; é dicir, os suxeitos experimentais utilizan a información que se desprende do comportamento non verbal dos membros da rolda para face-las súas eleccións.

As hipóteses 2 e 3 tamén se confirman á luz dos datos resumidos nas táboas. Aínda que a redución no número de eleccións se dá tanto na rolda 2 coma na 3, nesta última o decremento delas é menor do que en principio cabería esperar polo que o sesgo, neste caso a favor do acusado, non resulta estatisticamente significativo.

Tamén atopamos diferencias entre os membros das roldas en canto o solapamento das súas características físicas coas características do estereotipo que manexan os suxeitos experimentais. Estas diferencias resultaron significativas para as roldas 1 [F (4,190)=4,60; $p < .001$; $Sc=744,26$] e 3 [F (4,190)=7,07; $p < .001$; $Sc=370,36$], pero non para a número dous.

Na rolda 1, os contrastes simples coa categoría de referencia "sospeitoso" sinalan diferencias co suxeito 2 [$t=3,03$; $p < .005$] e co suxeito 5 [$t=3,03$; $p < .005$] sendo o sospeitoso posuidor de maior número de características estereotipadas que ámbolos dous cebos (ver táboa de medias no anexo). Así, escólleselle máis do esperado polo azar.

Na rolda 3, os contrastes simples informan que esas diferencias se dan co suxeito 4 [$t=3,081$; $p < .005$] e co suxeito 5 [$t=4,62$; $p < .001$] tendo, en ámbolos casos, o sospeitoso, menor número de características estereotipadas. Por iso atopáramos que existía un sesgo a favor do acusado nesta rolda.

4. **Discusión xeral: implicacións para a práctica da construción de roldas de identificación**

Deste estudio despréndense algunhas conclusións xerais para o campo da identificación de persoas que resumimos a seguir.

As roldas de identificación ou de presos, como tamén son denominadas, non garanten un proceso obxectivo, tal e como se levan a cabo no noso ordenamento xurídico. En suma, nas roldas non se contrarrestan os efectos dos estereotipos nin de autenticidade (isto é, comportamento non verbal). Esta cuestión non é fútil. Neste sentido, a comunicación non verbal facilita tanto a identificación do sospeitoso culpable coma do inocente. Certamente, as condicións específicas da testemuña (p.e., tempo de exposición ó delito; condicións ambientais do suceso; tempo transcorrido entre o evento e a identificación; información postsuceso) median o efecto da autenticidade. Pola súa parte, a identificación de persoas está terciada polos estereotipos. Noutras palabras, os suxeitos que compoñen realmente as roldas son diferentes na súa aparencia, máis ben, semella que só algúns presentan un parecido so "o hipotético" agresor. Deste modo, incúmrese un dos principios xerais á hora de construí-las roldas de identificación: garantir unha elección da testemuña entre persoas semellantes ó sospeitoso. En calquera caso, as roldas supoñen unha facilitación da identificación prefixada.

A principal implicación práctica que se pode derivar destes resultados é que á hora de aceptar como proba válida unha identificación realizada mediante roldas hai que avaliar antes a súa imparcialidade. Tanto xuíces coma avogados defensores téñense que asegurar de que existe o menor número de factores extramemorísticos que poidan estar condicionando a elección da testemuña. Isto é, o comportamento non verbal e os estereotipos. Unha maneira de optimizar este procedemento de identificación é gravar en vídeo a rolda, amosarlla

a suxeitos alleos ó procedemento e pedir-lles que elixan ó sospeitoso. Posteriormente calcúlense os índices de imparcialidade sobre estas eleccións e decídese se a proba comporta as suficientes garantías antes de aceptala como válida. Esta, pensamos, será unha estratexia de defensa nada desdeñable. Outra estratexia da defensa pode ser, ademais, adestra-lo sospeitoso (defendido, neste caso) para que evite co seu comportamento non verbal aportar información que lle poida suxerir á testemuña que é el o sospeitoso.

Referencias bibliográficas

- AINSWORTH, P.B., e KING, E. (1988): Witness perceptions of identification parades. En P. Morris, M. Gruneberg, e J. Sykes (eds.): *Practical Aspects of Memory: Current Research and Issues (vol 1)* Nova York: John Wiley.
- ALONSO-QUECUTY, M. L. (1991): *Información Post-evento e "Reality Monitoring": Cuando el testigo no Puede Ser Honesto*. I Encuentro Hispano-Británico de psicología y Ley, Pamplona.
- BUCKHOUT, R. (1974): Eyewitness testimony. *Scientific American*, 231, 23-31.
- CLIFFORD, B. R., e BULL, R. (1978): *Psychology of Person Identification*. Londres: Routledge and Kegan Paul.
- CLIFFORD, B. R., e DAVIS, G. (1994): Procedimientos para obtener pruebas de identificación. En D.C. RASKIN (ed): *Métodos Psicológicos en la Investigación y Pruebas Criminales*. Bilbao: Editorial Desclee de Brouwer.
- CUTLER, B.L., PENROD, S.D., e MARTENS, T.K. (1987): The reliability of eyewitness identification: The role of system and stimulator variables. *Law and Human Behavior*, 11, 233-258.
- DENT, H. e GRAY, F. (1975): Identification on parade. *New Behavior*, 1 366-369.
- EGAN, D., PITTNER, M. e GOLDSTEIN, A. G. (1977): Eyewitness identification: Photographs vs. Live models. *Law and Human Behavior*, 1, 199-206.
- FABIAN, T., STADLER, M., e WETZELS, P. (1992): *The "Authenticity Error" in Real Lineups Procedures*. Third European Conference of Law and Psychology, Oxford, Inglaterra, 16-19 de setembro.

GORESTEIN, G.W., e ELLSWORTH, P. C. (1980): Effects of choosing an incorrect photograph on later identification by eyewitness. *Journal of Applied Psychology*, 65, 616-622.

LOFTUS, E.F. (1976): Unconscious transference in eyewitness identification. *Law and Human Psychology Review*, 2, 93-98

LOFTUS, E.F., MILLER, D.G., e BURNS, H.J. (1978): Semantic integration of verbal information into a visual memory. *Journal of Experimental Psychology: Human Learning and Memory*, 4, 19-31

REAL, S., FARIÑA, F., e ARCE, A. (1977): Reconocimiento de personas mediante ruedas de identificación. En Fariña e R. Arce (Eds.): *Psicología e Investigación Judicial*. Madrid: Fundación Universidad-Empresa.

SANDERS, G. S., e WARNICK, D. (1979): *Some Conditions Maximizing Eyewitness Accuracy: A Learning Memory Model*. Inédito.

SHEPHERD, J.W., ELLIS, H.D., e DAVIES, G.M. (1982): *Identification Evidence: A Psychological Evaluation*. Aberdeen: Aberdeen University Press.

TURNBULL, D.G., e THOMPSON, D.M. (1984): *Eyewitness testimony: Photographic vs. live lineups*. Comunicación presentada en Experimental Psychology Conference, Deakin University, Geelong, Australia.

WALL, P. (1965): *Eyewitness Identification in Criminal Cases*. Nova York: Thomas.

WELLS, G.L. (1984): The psychology of lineup identifications. *Journal of Applied Social Psychology*, 14, 89-103.

WELLS, G.L. (1993): What we know about eyewitness identification? *American Psychologist*, 6 (5), 553-571.

YUILLE, J.C., e CUTSHALL, J.L. (1984): Live vs. Video media in eyewitness events and line-ups. Manuscrito non publicado, University of British Columbia, Vancouver.

Medidas de solapamento de características estereotipadas

	ROLDA 1	ROLDA 2	ROLDA 3
Suxeito 1	5,69	5,6	5,89
Suxeito 2	5	5,95	6,07
Suxeito 3	6,35	6,05	5,66
Suxeito 4	6,35	6,05	6,64
Suxeito 5	5	5,3	7,12

Efectos univariados rolda 1

VARIABLE	S.C.	F	P
Afectado	95,28	10,54	.001
Axitado	196,68	25,32	.001
Ansioso	91,75	9,72	.001
Apático	93,77	9,8	.001
Auténtico	42,03	3,7	.006
Confiado	35,08	3,54	.008
Desamparado	77,83	8,68	.001
Desanimado	105,95	14,87	.001
Excitado	170,47	22,16	.001
Inseguro	75,15	8,09	.001
Introvertido	351,92	44,8	.001
Relaxado	114,7	13,81	.001
Reservado	228,52	27,66	.001
Tenso	93,97	7,94	.001
Tranquilo	127,73	12,66	.001

Medias rolda 1

VARIABLE	1	2	3	4	5
Afectado	2,62	3,9	4,6	3	3,55
Axitado	2,35	5,3	3,05	3,1	3,4
Ansioso	3,07	5,15	3,72	3,75	3,92
Apático	4,32	2,8	4,77	3,45	3,87
Auténtico	3,8	3,5	4,52	3,27	4,22
Confiado	3,32	3,72	4,35	3,12	3,67
Desamparado	2,8	3,07	4,4	2,7	3,57
Desanimado	3,72	2,87	4,8	2,8	3,67
Excitado	2,15	5,02	3,27	3,22	3,55
Inseguro	3,32	4,42	4,8	3,25	3,7
Introvertido	5,1	2,25	5,55	2,52	4,05
Relaxado	3,05	5,17	4,42	3,47	3,62
Reservado	4,82	2,67	5,57	3,12	4,27
Tenso	3,07	4,6	4,82	3,35	3,75
Tranquilo	2,95	5,07	4,6	3,25	3,38

Representátese en grosa as puntuacións do sospeitoso.

Contrastes rolda 1

	t	p
AFFECTADO		
Comparación 1	-2,08	.03
Comparación 2	-5,87	.001
Comparación 4	-3,12	.002
Comparación 5	-4,76	.001
AXITADO		
Comparación 1	7,22	.001
Comparación 2	-2,24	.02
Comparación 4	1,12	.26
Comparación 5	0,16	.87
ANSIOSO		
Comparación 1	4,14	.001
Comparación 2	-1,89	.05
Comparación 4	0,58	.56
Comparación 5	0,07	.94
APÁTICO		
Comparación 1	-5,71	.001
Comparación 2	-1,3	.19
Comparación 4	-2,6	.009
Comparación 5	-3,83	.001
AUTÉNTICO		
Comparación 1	-2,72	.007
Comparación 2	-1,92	.05
Comparación 4	-0,79	.42
Comparación 5	-3,31	.001
CONFIAO		
Comparación 1	-1,77	.07
Comparación 2	-2,91	.004
Comparación 4	-1,91	.05
Comparación 5	-3,48	.001
DESAMPARADO		
Comparación 1	-3,95	.001
Comparación 2	-4,78	.001
Comparación 4	-2,46	.01
Comparación 5	-5,07	.001
DESANIMADO		
Comparación 1	-6,48	.001
Comparación 2	-3,62	.001
Comparación 4	-3,78	.001
Comparación 5	-6,73	.001
EXCITADO		
Comparación 1	5,64	.001
Comparación 2	-3,62	.001
Comparación 4	0,88	.37
Comparación 5	-0,16	.87

Contrastes rolda 1

	t	p
INSEGURO		
Comparación 1	-1,1	.27
Comparación 2	-4,32	.001
Comparación 4	-3,22	.001
Comparación 5	-4,54	.001
INTROVERTIDO		
Comparación 1	-10,53	.001
Comparación 2	-1,43	.15
Comparación 4	-4,78	.001
Comparación 5	-9,65	.001
RELAXADO		
Comparación 1	2,32	.02
Comparación 2	-4,26	.001
Comparación 4	-2,48	.01
Comparación 5	-2,94	.003
RESERVADO		
Comparación 1	-9,02	.01
Comparación 2	-2,33	.02
Comparación 4	-4,04	.001
Comparación 5	-7,62	.001
TENSO		
Comparación 1	-0,58	.55
Comparación 1	-0,58	.55
Comparación 4	-2,79	.005
Comparación 5	-3,83	.001
TRANQUILO		
Comparación 1	1,33	.18
Comparación 2	-4,64	.001
Comparación 4	-2,18	.03
Comparación 5	-3,8	.001

Contrastes simples univariado conxunto co nivel de protección de Bonferroni co grupo de referencia "sospeitoso"